



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS

Benito Corbal, 47 - 5.º

Teléfono 986 805 335 - 986 805 436

36071 PONTEVEDRA

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCALIS

Dña. Mª Luisa Pardavila Pazos
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)
D. Luis Mª Muiños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

VOCALIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE MEDER, CONCELLO DE SALVATERRA DO MIÑO

D. Alejandro M. Rodríguez Rodríguez
D. Manuel Fontán Martínez

SECRETARIA

Dña. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintecatro de abril do 2003, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "*Mangarela e outros*" da parroquia de Meder do concello de Salvaterra do Miño.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 28/06/96, D. Alejandro Rodríguez Rodríguez na súa condición de presidente da Xunta provisional da CMVMC da parroquia de Meder, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado "*Mangarela e outros*" como veciñal en man común para os veciños da parroquia de Meder, do concello de Salvaterra do Miño.

SEGUNDO.- Con data 5 de xuño de 1998 o Xurado Provincial remitiu o expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente para informe previo, que foi emitido o 22 de outubro de 1998.

TERCEIRO.- Na sesión do día 24 de febreiro de 1999, o Xurado Provincial acordou inicia-los trámites para a clasificación dos anteditos montes, nomear instructor a Dn. Luis Mª Muiños Vidueira, así como a remisión do expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais, que emitiu o informe preceptivo en data 19/01/00.

CUARTO.- No periodo de audiencia presentaron as seguintes alegacións:

- Por parte do Concello de Salvaterra, e en referencia ó monte "Lamas", maniféstase haber costeado as instalacións deportivas considerando que o citado monte é de propiedade municipal; pero sin que se aporte xustificación algunha sobre tal extremo, pois nin se proba documentalmente os gastos sufragados para as instalacións deportivas nin se aporta certificación rexistral acreditativa da súa propiedade, nin tampouco figura no inventario de bens municipais.
- Por parte da Asociación Recreativa, Deportiva e Cultural "Los amigos de Meder", en referencia o mesmo monte "Lamas", solicitan a súa exclusión como monte veciñal en man común e solicitan a súa vez que os 10.000 m/2 restantes do monte fora dos 7.000 m/2 que ocupan as instalacións deportivas sexan complementarios das mesmas.
- Por parte de Alberto González Grandal e Jesusa Míguez Fernández, e en referencia o monte "Barreira de Nogueiró", alégase que parte do mesmo é da súa propiedade

QUINTO.- Visto o informe previo e o informe preceptivo do Servicio de Montes e Industrias Forestais, os montes obxecto do presente expediente de clasificación obedecen á seguinte descripción:

CONCELLO: SALVATERRA DO MIÑO
PARROQUIA : MEDER

NOME DO MONTE: "Mangarela"

Cabida: 5000 m/2 (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Estrada a Salgosa

Sur: Propiedades particulares de Constante Vázquez González, Hros. de Concepción Míguez Rodríguez, Antonio Pereira Suárez, Carmen Alvarez Míguez, Marcelino Días López e outros

Leste: Bodegas "Nosa Terra" (Condasat)

Oeste: Propiedades particulares de José Vidal Pérez, Constante Vázquez González e outros

Descripción: Trátase dun piñeiral duns 30 anos de P. Pinaster, cun camiño que atravesa a parcela

NOME DO MONTE: "Pozo Novo"

Cabida: 2000 m/2 (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de casiano Fontán Rocha, Miguel Alvarez Alvarez e outros

Sur: Propiedades particulares de curas do Rosal e outros

Leste: Concello de As Neves

Oeste: Propiedades particulares de José Díaz Groba e outros

Descripción: Presenta arbolado adulto de P. Pinaster con rexeneración nalgunhas zonas; aparacen tamen pes aillados de eucaliptus

NOME DO MONTE: "Portelo da Fonte"

Cabida: 9000 m/2 (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño

Sur: Propiedades particulares de Manuel Veiga Amil, Miguel Alvarez e outros

Leste: Camiño Carambola e propiedades particulares de Hros. de José Vicente e José González Míguez

Oeste: Propiedades particulares de Constantino Vázquez González, Antonio Pereira Suárez, José Díaz Groba, Fernando Domínguez Díaz, Manuel Veiga Amil e outros

Descripción: É un piñeiral claro con algún raso e un camiño que o atravesa

NOME DO MONTE: "Lamas"

Cabida: 2 Has. (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de César Francisco Rodríguez, Casiano Fontán Rocha, Fernando Domínguez Díaz e outros

Sur: Pista

Leste: Estrada ó monte e propiedades particulares de Hros. de Concepción Míguez Domínguez, Jesús Barbosa Valiño, Jorge Meleirón e outros

Oeste: Propiedades particulares de César Francisco Rodríguez, Orencio Rodríguez Rodríguez, Carmen González Míguez, José Otero Lago e outros

Descripción: Aparecen piñeiros e eucaliptus adultos, algúns deles de gran tamaño. Inclúe un campo de fútbol duns 7000 m/2 aproximadamente

NOME DO MONTE: "Outeiro ou Casal"

Cabida: 1 Has. (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño Aniceto

Sur: Propiedades particulares de Antonio Pereira Suárez, "Fita do Dego" e outros

Leste: Propiedades particulares de Viuva de Ricardo González Rodríguez, Carmen Barros, Constantino Alonso Faustino e outros

Oeste: Propiedades particulares de Faustino Pérez Fernández, Miguel Días López e outros

Descripción: Aparecen matorrais con algún piñeiro adulto

NOME DO MONTE: "As Pedreiras"

Cabida: 1 Has. (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Concello de As Neves

Sur: Propiedades particulares de Constantino Vázquez González, Adoración Fernández González e outros

Leste: Propiedades particulares de Berbiana Pérez González, Carmen Barros, Manuel Pérez Polleiro, Josefa Fernández Alvarez e outros

Oeste: Camiño Moreira - Cristo

Descripción: Trátase dun piñeiral de P.Pinaster duns 30 anos que linda co monte comunal de Taboexa, concello de As Neves

NOME DO MONTE: "Do Cristo"

Cabida: 1200 m/2 (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de Antonio Alvarez

Sur: Pista Roda - Cristo

Leste: Capela do Cristo

Oeste: Propiedades particulares de María L. Estévez Lage

Descripción: Trátase dunha pradeira que rodea unha capela, con algúns platanos adultos

NOME DO MONTE: "Os Eidos"

Cabida: 500 m/2 (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Estrada Meder - Taboexa

Sur e Leste: Propiedades particulares de Hros. de Carmen Roda Alvarez

Oeste: Propiedades particulares de Hros. de José Portela Alvarez

Descripción: Atópase poboado con acacias dun tamaño pequeno

NOME DO MONTE: "Barrio da Luz"

Cabida: 1800 m/2 (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Pista ó cemiterio

Sur: Propiedades particulares de Hros. de Eugenia Paramés

Leste: Pista ó cemiterio

Oeste: Camiño público ó cemiterio

Descripción: Trátase dun llano ó borde da estrada que conduce ó cemiterio

NOME DO MONTE: "Barreira de Nogueiró ou A Fraga"

Cabida: 700 m/2 (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de Manuel Veiga Veiga

Sur: Camiño público

Leste: Propiedades particulares de Alberto González Grandal

Oeste: Propiedades particulares de Manuel Veiga Veiga

Descripción: Atópase ocupado por un pequeno parque infantil

NOME DO MONTE: "Fontecoba"

Cabida: 400 m/2 (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de Maanuel Veiga Veiga, Mª Ermitas Veiga Vidal, Pilar Rodríguez Rodríguez

Sur: Propiedades particulares de Mª Ermitas Veiga Vidal e Adelaida Veiga Vidal

Leste: Estrda local Nogueiró - Roda

Oeste: Propiedades particulares de Alberto González Grandal

Descripción: Atópase ocupada en parte pola entrada a unha finca particular. Inclúe un estanque de auga con algúns piñeiros ó seu redor

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- Examinado o expediente administrativo, tendo en conta a documentación aportada, o informe emitido polo Servicio de Montes e Industrias Forestais, así como as alegacións formuladas polos interesados cabe manifestar que das once parcelas cuia clasificación solicitáse, o instructor do expediente entende que non reunen os requisitos para a súa clasificación as seguintes parcelas:

Monte Do Cristo, de 12 áreas, constituída por un terreo no que existen plátanos e pradeiras rodeando unha capela sendo posiblemente súa orixe de propiedade da Igrexa Católica non sendo susceptible de aproveitamento veciñal.

Monte Os Eidos, de 5 áreas, está poboado de acacias que son unha especie arborea que nace espontaneamente en fincas abandonadas e que en modo algún son aproveitables, que xunto coa súa reducida superficie non é viable para ser clasificada como veciñal en man común.

Monte Barrio da Luz, non é máis que un llano ó borde dunha estrada que conduce a un cemiterio, tratándose pois dun terreo sobrante dun vial que en modo algún pode gozar da consideración e do aproveitamento como veciñal en man común.

Monte Barreira de Nogueiró ou A Fraga, de 7 áreas, independentemente das cuestións litixiosas sobre a súa titularidade que non pode o Xurado Provincial de Montes entrar a debatir, parte da propiedade é reclamada polo Sr. González Grandal e Dña. Jesusa Míguez, actualmente atópase ocupada na súa inmensa maioría por un

parque infantil, circunstancia esta que xunto coa non acreditación do seu aproveitamento veciñal en man común, fan inviable a súa clasificación.

Monte Fontecoba, de 4 áreas, dado o reducido da súa superficie, figurando na mesma un estanque de auga e atopándose ocupada unha parte da súa superficie pola entrada dun camiño a unha finca particular tampouco merece a consideración de veciñal en man común.

Con respecto ó **Monte Lamas**, en cuia superficie figura uns terreos deportivos que ocupan unha superficie de 7.000 m², existe unha contraposición de intereses en canto a súa clasificación como veciñal en man común. En tal senso o concello de Salvaterra do Miño manifesta haber costeado as instalacións deportivas considerando que o citado monte é de propiedade municipal, pero sin aportar xustificación algunha sobre tal extremo, pois nin se proba documentalmente os gastos sufragados para instalacións deportivas nin se aporta certificación rexistral acreditativa da súa propiedade nin tampouco figura no inventario de bens municipais. Por outra parte a Asociación recreativa, Deportiva e Cultural "Los Amigos de Meder" pretende a súa exclusión como veciñal en man común e pretende a súa vez que os 13.000 m² restantes do monte fora dos 7.000 m² que ocupan as instalacións deportivas, sexan complementarios da mesma.

A circunstancia que no citado monte exista unhas instalacións para práctica deportiva non é obstáculo para a súa clasificación como veciñal en man común dado que a propia Lei de Montes Veciñais en Man Común e o Regulamento que a desenrola sinalan que o aproveitamento actual dunha determinada parcela non exclúe súa clasificación como veciñal en man común sempre que se veña aproveitando consuetudinariamente sen asignación de cuotas por unha determinada entidade ou comunidade veciñal.

En canto as demais parcelas cuia clasificación solicítase como veciñal en man común, resulta probado o aproveitamento veciñal nas seguintes: Mangarela, Pozo Novo, Lamas, Portelo da Fonte, Outeiro ou Casal e As Pedreiras.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, e tendo en conta que no expediente queda acreditado, de xeito efectivo, que os terreos obxecto de clasificación veñen sendo aproveitados consuetudinariamente polos membros desta comunidade, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**


CLASIFICAR os montes “Lamas”, “Mangarela”, “Pozo Novo”, “Portelo da Fonte”, “Outeiro ou Casal” e “As Pedreiras” a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Meder, do concello de Salvaterra do Miño, correspondéndose coa descrición reflexada no feito quinto e a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.

NON CLASIFICAR os montes “Do Cristo”, “Os Eidos”, “Barrio da Luz”, “Barreira de Nogueiró ou A Fraga” e “Fontecoba” por non reuni-los requisitos establecidos no artigo 1 da lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



The block contains several handwritten signatures in black ink. To the right, there is a circular official stamp. The stamp's outer ring contains the text "XUNTA DE GALICIA" at the top and "XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS" at the bottom. Inside the ring, it says "PONTEVEDRA" and "Consellería de Medio Ambiente". A small coat of arms is also visible within the stamp.



Nº DA FOLLA
1/1

OBSERVACIÓNS :

AUTOR :
SECCION TOPOGRAFIA

DATA : ABRIL-2.003
ESCALA : 1 10.000

TRABALLO : CLASIFICACION DOS MONTES MANGARELA E OUTROS
CONCELLO : SALVATERRA PARROQUIA : MEDER
COMUNIDADE : MEDER



CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE

SERVICIO DE MONTES DELEGACION DE PONTEVEDRA